



PLAN DIXITAL

IES de Foz

[Versión 1.0 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

Contido

1.Introdución	2
1.1 Datos básicos do centro.	2
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.	3
1.3.Breve xustificación do mesmo.	4
1.4.Proceso de elaboración.	4
2. Situación de partida	5
2.1.Servizos dixitais e mantemento dispoñible.	5
2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO.	5
2.3.Análise DAFO.	7
3. Plan de Acción	11
4. Avaliación do PD	15
4.1.Seguimento do Plan de Acción	15
4.2.Propostas de mellora (revisión)	15
5. Difusión do PD	15

1. Introdución

1.1 Datos básicos do centro.

Tipo de centro: Público

Denominación oficial: IES de Foz

Código do centro: 27020562

Provincia: Lugo

Enderezo: Rúa Castelao S/N

Código Postal: 27780

Teléfono: 982870287

NIF: S-2700002-E

Dirección de correo electrónico: ies.foz@edu.xunta.gal

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfoz/>

O cadro de persoal do centro está formado por 60 profesores con destino definitivo, 8 con destino provisional e 1 profesor de Relixión.

Actualmente o centro conta con 420 alumnos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

No IES de Foz, ademais das ensinanzas de ESO e Bacharelato, impártense ensinanzas de FP da rama de Hostalaría e Ciclos de Comercio básicos, medios e superiores nos reximes ordinario, dual e modular.

O centro conta cunha aula específica de Educación Especial.

O IES é tamén sede dunha delegación da UNED desde onde se imparten cursos de ámbito estatal.

No que respecta ao alumnado, o IES de Foz presta os seus servizos nunha comarca cunha alta porcentaxe de poboación inmigrante e relativamente volátil, o que condiciona idiomática e socialmente a integración dos estudantes

No Proxecto Educativo de Centro contémplanse estes factores e focalízanse os esforzos en solventar as circunstancias adversas que se poidan xerar dentro dunha visión holística do centro e a súa contorna.

Desde o Plan Dixital do centro contribúese a estes obxectivos procurando fornecer e axilizar as vías de interrelación entre os elementos da comunidade educativa e simplificar e facilitar o acceso sinxelo aos contidos e estratexias formativas.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o Proxecto Educativo do Centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.

b) O enfoque cara a unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.

c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

1.4. Proceso de elaboración.

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación e realizarase en base á información recollida do informe de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para así iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo Consello Escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

No curso 2022/2023, o centro procederá á implementación efectiva do Plan, que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

Actualmente o centro conta cos seguintes equipos e servizos:

Conexión de internet de alta velocidade e simétrica.

Aulas Edixgal: 9

Outras aulas con ordenador do profesor e proxector: 30

Aulas de informática: 6

Biblioteca con ordenadores para os alumnos

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Post Secundaria
A-Liderado	Equipo Direct.		3.8	4	4.3	
	Profesorado		3.4	3.6	3	
	Alumnado					
B-Colaboración e redes	Equipo Direct.		3.9	4.1	4.1	
	Profesorado		3.2	3.3	2.8	
	Alumnado		3.3	2.7	2.9	
C-Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4.5	4	4.3	
	Profesorado		4	3.8	3.5	
	Alumnado		3.7	3.2	3.1	
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4	3.9	4.1	
	Profesorado		3.4	3.6	3	
	Alumnado					
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4.3	4.3	4.3	
	Profesorado		4.4	4.1	3.6	
	Alumnado		4.1	3.6	3.4	
F-Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.9	3.9	3.6	
	Profesorado		3.8	3.6	3.4	
	Alumnado		3.3	2.7	3	
G-Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.9	4.3	3.1	
	Profesorado		3.3	3.4	3	
	Alumnado		3	2.7	2.8	
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.9	4.2	3.7	
	Profesorado		3.7	3.8	3.3	
	Alumnado		3.5	2.8	3	

Participación segundo o perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
--	-------------------------------	-----------------------	-----------------

DEFINITIVO	29	47	61.7
PROVISIONAL	2	8	25
INTERINO	3	9	33.3
SUBSTITUTO	3	3	100
DESPRAZADO (OUTROS)	1	1	100

Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81.4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel competencial por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CF	66,9	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
ESO	84,6	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BACH	83,4	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
ESO Adult.	101,5	Experto/a (B2)	75,9	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	1	2,6%
Explorador/a (A2)	10	26,3%
Integrador/a (B1)	19	50%
Experto/a (B2)	6	15,8%
TOTAL	36	94,7 %

2.3. Análise DAFO.

Internos		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	Ampla cantidade de equipos Todas as aulas con ordenador e proxector Interconexión de espazos Homoxeneidade de instalacións Centro dotado de equipamento Edixgal	Equipos obsoletos Distribución espacial do instituto Aulas que non participan en Edixgal
	PERSONAL DOCENTE	Autonomía informática Trasvase transversal de información fluído Solucións propias Uso de equipos persoais O profesorado emprega estratexias dixitais O profesorado ten interese en formarse	Falta de equipamento dixital persoal Escaso dominio das aplicacións Problemas de competencia Falta de tempo para a aprendizaxe Falta de recursos dixitais de calidade Escasa creación de contidos propios
	PERSONAL NON DOCENTE	Uso lateral de sistemas automatizados Dominio de aplicacións ofimáticas	Escaso dominio das aplicacións non ofimáticas
	ALUMNADO	Dominio de sistemas móbiles e microsistemas Inmersión dixital Experiencia con Edixgal	Acceso á información sen un estrito sentido crítico Pouca atención ao coidado da integridade física dos sistemas Descoñecemento sobre programación
	FAMILIAS	Existencia de equipos persoais	Escasa implicación na formación dixital
	OFERTA	Transversalidade da competencia informática	
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Profesorado de Informática Uso exclusivo de software libre en todo o centro Uso da páxina web Uso de ferramentas dixitais de comunicación	Uso de redes propietarias alleas ao sistema

Externos		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Creación de repositorios Proxecto Edixgal	Burocratización de procesos Carenza de equipos de uso persoal Disociación da actividade educativa Falta de recoñecemento á docentes
	LEGISLACIÓN		Carenza de consultores internos e externos Falta de profesorado específico TIC
	ANPA	Directiva nova Implicación en actividades	Falta de proxectos orientados ao ámbito dixital Pouca participación das familias
	CONTORNA	Receptiva a novos proxectos	Empobrecemento local Illamento xeográfico
	OUTRAS ENTIDADES	Interacción con varias asociacións locais	

3. Plan de Acción

- Establecer as prioridades e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas áreas do DigCompOrg.
- Concretar ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportará os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información^a. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo.

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos							
1. OBXECTIVO (1):	Creación dunha imaxe personalizada baseada na maqueta abalar V20 axustada ás necesidades do centro					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Imaxe arrincable e autoinstalable coas modificacións incorporadas						
Valor de partida (3)	Imaxe maqueta abalar V20						
Valor previsto e data (4)	100% Imaxe personalizada operativa				1º Trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO(10)		
AO1.1: Selección aplicacións	Coordinador TIC Equipo Plan Dixital Xefes de departamento	30/10/2022	Entrevistas cos xefes de departamento para seleccionar aplicacións adecuadas	Nº Aplicacións incorporadas	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Creación da imaxe	Coordinador TIC	30/11/2022	Portátil para crear a maqueta personalizada e varias memorias USB	Imaxe xerada	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Probas	Coordinador TIC Equipo Plan Dixital	15/12/2022	Un ordenador de cada un dos tipos que existan no IES	% de tipos de ordenadores comprobados	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos							
1. OBXECTIVO (1):	Actualización S.O 50% ordenadores do centro coa maqueta personalizada do IES (150 ordenadores aprox.)					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% actualizados á nova maqueta						
Valor de partida (3)	0% con nova maqueta						
Valor previsto e data (4)	50% actualizados á nova maqueta				Curso 2022-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Inspección e Selección ordenadores candidatos	Coordinador TIC	2º Trimestre	Revisión e identificación dos ordenadores que máis precisen a actualización	% ordenadores inspeccionados	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Actualización S.O.	Coordinador TIC1º	3º Trimestre	Imaxe personalizada Memorias USB	% ordenadores actualizados	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos							
1. OBXECTIVO (1):	Actualización e substitución ordenadores biblioteca					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Substitución hardware						
Valor de partida (3)	5 ordenadores con hardware obsoleto						
Valor previsto e data (4)	5 o máis ordenadores con hardware actualizado e maqueta do instituto				Curso 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.0: Selección/Adquisición equipos hardware actual	Coordinador TIC	2º Trimestre	Ordenadores Maqueta propia	Nº ordenadores conseguidos	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.1: Actualización S.O.	Coordinador TIC	3º Trimestre	Substitución e instalación	Nº ordenadores substituídos	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Análise nos distintos organos colexiados. Mensualmente nas reunións dos diferentes Departamentos, reflectir nas actas e posta en común na CCP (mensual e trimestral).

- 4.2. Posta en común e análise da información na CCP, no Claustro e no Consello Escolar.
- 4.3. Libro de control de incidencias na Sala do profesorado. Análise do número e tipo de anotación ao longo do curso.
- 4.4. Incorporación dun apartado de análise do Plan Dixital aos documentos de memoria de Departamentos e Centro.

Propostas de mellora (revisión)

Revisión anual no mes de setembro para actualizar os medios materiais e valorar os humanos. Crearanse á vista do grao de cumprimento dos obxectivos as liñas de actuación do vindeiro curso.

5. Difusión do PD

O Plan é accesible na páxina web do centro a toda a comunidade educativa.

A súa interacción coas diferentes materias darase a coñecer coas programacións dos diferentes Departamentos . *O plan dixital*